



Carta desde a banda da esperanza

Manuel Regal Ledo

1.- A memoria dun Nadal atípico

Supoño que para todos nós este Nadal 2020 pousará na nosa memoria como algo raro e desconcertante para o resto dos nosos anos. Cos seus trazos de dor, pero tamén coas súas insinuacións cara ao simple e o máis auténtico. Persoalmente quedou gravado no meu recordo o texto do segundo libro de Samuel 7, 1-5.8b-12.14a.16 que, coma unha advertencia severa e unha promesa, sempre se nos le na liturxia na mañá do 24 de decembro. Se David fala de lle construír un espazo digno para a «arca do Señor» –o maior elemento sagrado sacramental do momento–, o profeta Natán, avisado en soños por Deus, advírteo de que as cousas non son así. Deus non necesita vivenda, que xa a ten en todo o mundo e en toda a historia. O afán de Deus, que comparte

connosco, é que o pobo teña casa, teña fogar material e espiritual, teña institucións sociais, políticas, que garantan a paz, a estabilidade, a felicidade da xente, de toda a xente, sen distingo ningún. Teito, terra e traballo, que diría o noso Papa Francisco. As enerxías relixiosas todas ao servizo dese soño que Deus no Nadal comparte connosco, sabendo que tendemos a simplificalo buscándolle a el edificios solemnes onde quizáis pechalo e onde pechar tamén as enerxías coas que quere impulsar todo presente histórico, tamén o noso.

2.- Nomes e contrastes para un Advento

Pero antes do Nadal viñera o Advento. Normalmente asociamos Isaías, Xoán Bautista, María de Nazaret, e por

suposto o Xesús desexado como personaxes indiscutibles para poboar de vida os nosos Adventos e en consecuencia os nosos Nadais. E está ben, debe ser así e supoño que así foi para moitos de nós nese pasado 2020. Emporiso tamén é certo que ao longo da vida e dos Adventos e Nadais van aparecendo outros personaxes menores que nos permiten entrar nese xogo vital de desesperanzas e esperanzas no que inevitablemente, por propia condición humana, estamos metidos.

En concreto o Advento do 2020 viuse sorprendido coa morte o 25 de novembro de Diego Armando Maradona e co recordo da súa vida chea de éxito como futbolista e bastante ferida como persoa humana. A súa autorrecoñecida condición de cocainómano, que non deu superado con repetidos tratamentos, ensombreceu a vida estelar dun rapaz de procedencia popular humildísima que como prodixioso futbolista gañou popularidade mundial, pero sobre todo na súa terra arxentina, ata o punto de o elevar á categoría de pequeno deus (o *pibe* divino, a man de Deus) e, por iso mesmo, de o

desculpar de todas as tremendas banalidades da súa vida. El mesmo recoñeceu no que sería a tardiña baixa da súa existencia que na súa vida houbera moitas «cagadas», pero que tamén fixera algunhas cousas boas. Excelencia e miseria, que, reflexionando sobre o caso, levou o teólogo Leonardo Boff a aplicarlle ao futbolista egrexio con especial énfase aquel dito co que Santo Agostiño, intentando aclararse a si mesmo, definiu sabiamente a todos os humanos: *Factus sum quaestio magna*. (Estou feito unha gran pregunta, ou, máis popularmente: estou feito un «lío»). Contradición interna, complexa, radical, universal, que se converte en berro de Advento.

E, seguindo entre tensións desconcertantes, ese mesmo día 25, Día internacional contra a Violencia e a Explotación da Muller, resulta que a noticia e comentarios da morte de Maradona copou boa parte dos informativos e reduciu á nada ou case nada a información do que diferentes agrupacións feministas fixeran para lle dar relevancia á xornada. Algo rechamante cando o gran Maradona, dentro das súas desordes vitais, tamén

contaba con prácticas machistas abusivas. Pero é así; e a rapaza futbolista que polo mesmo sentou no céspede negándose a gardar en pé un minuto de silencio previo a un partido de fútbol, en memoria do *pibe*, foi deseguida ameazada nas redes da forma máis brutal. Espere-mos que non lle chegase a pasar nada. E velaí outra polaridade que se facía chamada de redención, voz de Advento.

Cambiando de tema, perso-naxes e paisaxes, imos cara a Canarias onde polo Advento e xa antes del proliferaron os caiucos, transportando centos, miles de africanos nun incon-tido soño de Advento que se empezaría a realizar tripando terreo europeo. Dos que se sabe, moitos, e dos que non se sabe, moitos tamén, levaron o seu soño ao fondo do Atlántico. E, ante a crítica de quen resolvía as cousas asegurando que todo era cuestión de mafias, xurdiu a voz autorizada do irmán menor Santiago Agrelo para, sendo así, declararse a si mesmo mafioso. E razoar logo que, aínda que as mafias xogan un importante papel nese problema humano, o porqué do soño africano por Europa non nace nas mentes

das mafias, senón nun natu-ral desexo de vida e de futuro digno, xustamente entre aque-las xentes e nacións que en boa medida engordaron a base de ter esquilmado e seguir esquil-mado moitos dos seus recur-sos. Caiucos, soños de Advento agardando o seu Nadal.

E, sen chegar tan abaixo, quedándonos en *Jerez de la Frontera*, en Cádiz, atopámo-nos casualmente con Daniel Pajuelo, un gran descoñecido, seguro, para todos nós. É un sacerdote marianista, que, a maiores do seu labor formativo nun colexio da mesma con-gregación, deixouse levar pola súa santa afección de *youtuber*, polo seu gusto por «rapear», por entrar así en contacto desde os seus convencementos cristiáns cun mundo de xente indiferente normalmente a todo o que soe a Igrexa, curas e demais. É un seguidor dese mundo e nese mundo é tamén seguido. Un camiño de evanxelización, para o que non todo o mundo ten posibilidades, pero que é unha resposta entre outras posibles a esa queixa, inqueda e desexo constante que en todos os medios eclesiais escoitamos: como podemos chegar a esa

xente que consideramos arredada? E xa o sabemos: repetindo o mesmo non podemos chegar a algo distinto. Un sinal do Advento, para un Nadal, no que Deus tamén innovou e ofreceu formas de presenza totalmente desconcertantes.

3.- Máis alá de nós

Unha das cousas feas que pode producir a pandemia da que pensamos saír pola porta das vacinas é vivir como se os nosos problemas, que o son, fosen os únicos do mundo. Se antes, como occidentais ricos, nos chufabamos de sermos os reis do mambo —aínda que ao noso redor medrase coma fentos a falla de equidade—, agora laiámonos como se os nosos fosen os únicos problemas do mundo aos que lle hai que prestar toda a atención. E ben podería ser ao revés: que, ao palpar as nosas miserias, se nos abrisen os ollos para ver mellor as moitas miserias que se veñen dando desde hai ducias, centos de anos en moitos lugares do mundo.

Para iluminar este feito, tamén en novembro, ás portas deste Advento pasado, *Cristianismo y Justicia* sorprendíanos

co ofrecemento dun caderniño, o 220, titulado «¿Por qué Haití?». Posiblemente recordemos todos este país polo devastador terremoto do ano 2010 no que morreron 313.000 persoas e quedaron orfas ao instante un millón de criaturas. E a moitos este será o único dato que se nos veña á memoria. Pero a realidade é que Haití é coma unha lección histórica na que poder aprender a variedade de recursos cos que, desde diferentes instancias de poder, se consegue que un país se afogue, que un estado sexa a día de hoxe un estado «fallido». Recomendamos a lectura deste caderniño como práctica de conversión de mente e corazón, persoal e social, para a Coresma deste 21 lacerado.

Sorprenderannos moitos detalles sobre a súa independencia no 1804 despois dunha revolta de escravos/as, máis do 80 % da poboación; sobre a débeda (!) que houbo de pagar á metrópole, Francia, por terlle quitado o pé de enriba; sobre a súa nova repetida colonización por parte dos Estados Unidos; sobre a súa cultura política sumamente violenta, que chegou ao máximo cos Duvalier; sobre a luz de esperanza

que se acende no 1990, cando o exsacerdote salesiano Jean-Bertrand Aristide gaña con limpeza as eleccións democráticas do país; sobre a táctica política do Vaticano, que, como Aristide era simpatizante da teoloxía da liberación, non o recoñece como presidente, pero si recoñece oito meses despois a Raoul Cedrás, que encabezou un golpe militar apoiado pola embaixada estadounidense e encheu de cadáveres a capital; sobre a segunda vitoria electoral de Aristide no 2001, que no 2004 volve ser destituído por unha revolta apoiada polos marines. Sobre a manobra política do presidente Clinton, cando no 1995, para que o goberno haitiano poida recibir apoios económicos do Fondo Monetario Internacional, «convénceo» para que suprima os aranceis que protexían o arroz propio, e así permita que outros países vendan alí o seu; o arroz estadounidense substituíu deseguida o do país, a xente do campo fuxiu á cidade para vivir en extrema pobreza. Sobre a «esplendidez» de Monsanto que quería encher o país de sementes gratuítas, que levaban consigo o necesario uso de herbicidas e pesticidas,

que loxicamente vendería Monsanto, coa obrigada necesidade de despois, cada ano, ter que mercarles tamén as sementes.

E logo xa o terremoto do 2010, no que se esborrala un país, e despois virá a cooperación estranxeira, con empresas e traballadores estranxeiros, non nativos, cunha morea de ONGs coas que o estado lava as súas mans, os abusos sexuais dalgunhas ONGs, dos soldados da ONU. Unha sociedade empobrecida, desasistida en medios de vida, escola, xulgados, cárceres etc. Extremos de deshumanización que podemos ver repetidos noutros escenarios: Iemen, Palestina, República Centroafricana, campos de refuxiados... Polo medio figuras entrañables como Marie, a muller dedicada a cociñar para crianzas da rúa, e a tenacidade da xente anónima, empobrecida que loita e soña aínda con algo diferente e mellor. Oxalá!

4.- Algo sobre da LOMLOE

O 23 de decembro pasado foi definitivamente aprobada a LOMLOE. O mesmo título desta lei educativa é moi significativo: Lei Orgánica de Modi-

ficación da Lei Orgánica Educativa. Fálanos desta secuencia constante de modificación da Lei de Educación en España, que xa é a oitava desde o comezo da democracia. En principio o artigo 27 de Constitución Española ofrece o marco para un posible pacto educativo, pero de feito nunca se buscou en firme pactar esa lei, para o que o atranco especial sempre foi o status do ensino privado, e particularmente da Igrexa, dentro do sistema educativo español. Simplificando, por un lado, a postura de aceptar a escola privada pero co propósito de ir fortalecendo o ensino público; polo outro, o estado como subsidiario das familias e da iniciativa privada. Ao noso ver, Ángel Gabilondo, sendo ministro de Educación (2009-2011) foi quen con máis interese buscou un pacto que non chegou a darse. É isto que quere dicir que a LOMLOE será modificada, antes ou despois, cando haxa un cambio de goberno cara a liñas máis conservadoras. E así seguiremos.

Coma un soño queda a proposta do mesmo Papa dun Pacto Educativo Global, para o conxunto dos países. Pacto que implicaría un cambio subs-

tancial na imaxe de sociedade na que se tenta integrar e á que se tenta servir, un cambio na comprensión do home ou muller que conforma esa sociedade, un cambio nos contidos educativos..., en fin, un verdadeiro soño, que transmutaría os intereses duns e doutros cara a unha meta común: un ser humano novo para unha sociedade nova tamén.

Mentres, vemos como un factor positivo a aposta polo fortalecemento do ensino público, harmonizado –pensamos que así vai seguir sendo– sobre todo co ensino concertado, hoxe complemento imprescindible e relativamente barato do noso sistema educativo; e sen renunciar nunca a un pacto educativo que garanta a estabilización dun sistema educativo, aberto á realidade das circunstancias históricas. Nun estado democrático coma o noso, o público –palpámolo ben na crise sanitaria que estamos vivindo– é a última e mellor garantía para responder á necesidade social de formación para a cidadanía. E as iniciativas privadas deberían ser subsidiarias, en sentido amplo, desa obriga estatal. E que ben que institucións

privadas de matriz eclesial con vontade de concerto se fosen significando cada vez máis por atender aquelas áreas e sectores máis fráxiles da sociedade, aos que o ensino público non chega ou chega con deficiencia de medios e oportunidades. As iniciativas fundacionais, os homes e mulleres normalmente recoñecidas como santas e santos que houbo na base das mesmas, sempre estiveron impulsados por esta atención ao pobre, ao marxinal, ao último. E entendemos que nesa liña se queren manter os seus continuadores e herdeiros.

Ante estas cuestións, a comunicación da CEE na última asemblea do pasado ano pareceunos cando menos respectuosa e clara na defensa das súas posicións, que os nosos bispos entenden como as máis positivas para o conxunto do ensino. Pero abundaron outras abrindo a linguaxe a toda clase de esaxeracións, impropias de quen pretenda realmente arriñar o lombo para abrir paso nun camiño que podemos imaxinar longo e dificultoso. Velaquí, como mostra, una parágrafo nada máis, do artigo do cardeal Cañizares no semanario

diocesano de Valencia, *Paraula*, do 20.11.20:

«Non sei se o que quere o Goberno social comunista que nos rexe e trata de dominarnos é isto: renegar do conxunto de dereitos humanos fundamentais e da democracia ou abolila e levarnos a épocas pasadas ou a outras de ditaduras; non esquezamos, ademais, que a peor das ditaduras é a ideolóxica, baseada nunha ideoloxía que non respecta nin a verdade, nin a conciencia, nin a liberdade, nin a persoa. Pero iso é o que deixa entender este Goberno en moitas das súas actuacións e hai que estar providos e non permitir que avance nesa posición».

Se non a firmase o cardeal Cañizares, creríamos estar escoitando a intervención en Cortes de calquera líder de Vox, por exemplo, co mesmo vocabulario, coas mesmas esaxeracións, co mesmo ton de arenga, nunha palabra, coa mesma ideoloxía. Que moda, que manía, que recurso cómodo este de acusar de ideoloxía todo aquilo que nos desagrada no diferente, iso si, sen aceptar, sen sospeitar sequera que igual eu mesmo

na miña protesta estou obedecendo a unha ideoloxía. Pero sería bo pararnos algunha vez a ver como e por que denigramos unha palabra que en si encerra algo espléndido: «conxunto de ideas, valores, aspiracións etc., elaboradas socialmente e asumidas individualmente, a través das cales unha persoa, grupo social ou corrente teñen unha representación da realidade social», como afirma calquera dicionario inocente. Malo se non temos ideoloxía! O malo é cando convertemos a propia ideoloxía nun absoluto e nos pechamos á maneira de pensar doutras persoas. E disto non está libre, ao que se ve, nin un Cardeal, por moito que o sexa.

E, para non asimilar ensino estatal con obxectivos estalinistas, como máis dun ousou dicir, igual é bo coñecer que en Irlanda, p. e., o ensino público, estatal, abrangue o 100 %, en Finlandia, o 98 %; en Polonia e Alemaña, o 95 %; en Francia, o 85 %; en Inglaterra, o 82 %; e en España, o 68 %.

5.- Aprobada a Lei de eutanasia

Tamén a Lei da eutanasia será definitivamente aprobada

no Senado, despois de que o 19 de decembro recibise a aprobación do Parlamento por unha maioría considerable: 198 sí, 138 nons e dúas abstencións. Esta aprobación legislativa parece ir acompañada tamén dunha aprobación social, pois nunha enquisa realizada previamente ata o 85 % da poboación estaba de acordo co substancial desta lei: facilitar a morte a quen non desexa vivir nunhas determinadas condicións extremas sentidas como inhumanas. Emporiso non recibiu a aprobación da Organización Médica Colexial de España e de diferentes observatorios de bioética.

Como xa comentamos nesta Crónica noutra ocasión, España pasa a ser o sexto país do mundo que ofrezca esta posibilidade. Sen dúbida, a aparición entre nós desta lei débelle moito a existencia e morte autoinflixida, cos apoios necesarios, do noso Ramón Sampredo (Xuño, Porto do Son, 1943-1998), popularizado mediante o filme de Alejandro Amenábar, *Mar adentro* en 2004, que mobilizou sentimentos, pensamentos e consciencias. A máxima que defendeu Ramón Sampredo, á que parece dar expresión legal a

lei aprobada, é que «a vida é un dereito, non unha obriga».

En si, que unha lei estea aprobada, mesmo cun respaldo social abondoso, non quere dicir que a tal lei sexa absolutamente boa, aínda que si que responde ao sentir e querer de moitísima xente, e ambas as dúas cousas nos deben dar que pensar. A opinión oficial de Igrexa, manifestada repetidamente ante estes feitos, resúmese en que a vida é un don de Deus, sobre o que o ser humano ten dereito de gozo e coidado, pero non de extinción; e que ante circunstancias últimas, extremas, dolorosas, o que cómpre activar ao máximo son os coidados paliativos, rodeando a persoa de atencións e afectos de todo tipo, que lle permitan morrer con dignidade sen ter que recorrer á morte provocada.

A vontade de poder morrer con dignidade é o argumento básico tamén para quen defende os obxectivos desta lei, normalmente xente non condicionada polos ditados dunha fe relixiosa, aínda que tamén hai crentes cristiáns, tamén católicos, que coas garantías ofrecidas pola presente redacción da lei, con-

sideran que é algo positivo, en canto dá unha saída digna a situacións extremas nas que a persoa que as sofre non desexa continuar a súa existencia.

Complexo o asunto. Cumpriranos estar ben alerta. A experiencia dunha lei similar en países que xa a teñen aprobada fálanos de que é bastante doado abrir a man e acabar quitando do medio con facilidade persoas que sobran. Ademais é certo que vivimos inmersos nunha cultura na que non se nos aprende a asumir a propia morte como un reto humano construtivo, nin habilitarnos con recursos físicos, psíquicos, espirituais –crentes ou non– para encaixar a propia degradación e decaemento e asumir coa paz e esperanza posibles o noso acabamento e morte. Por outra banda, a aposta pola xeneralización de centros e equipos de coidados paliativos, polas prácticas habidas na xestión sanitaria correspondente, non parece ser algo prioritario nin para quen defendeu a lei nin para quen a atacou. Que ben –perdón pola ironía– se ante esta lei aprobada a reacción de quen votou en contra fose tamén, coma na LOMLOE, rebelarse contra a

mesma, facendo proliferar nas autonomías que gobernan ou nas institucións que presiden os centros de cuidados paliativos! Quizais, velaí, a abundancia e cualificación destes centros podería ser tamén unha maneira excelente de facilitar a morte digna, de reducir ao mínimo o número de persoas que, aínda así, desexasen poñer fin á súa vida, e quizais de acabar comprendendo que estas persoas si deban ser axudadas a acabar cunha vida que para elas é peor que a morte, como a lei presente vai garantir.

6.- «Con orgullo e reparación histórica»

Estas foron as palabras coas que o vicepresidente do museo de Pontevedra, César Mosquera, se refería á devolución de dúas obras de arte —unha Virxe Dolorosa e un *Ecce homo*— do pintor holandés, Dieric Bouts, espoliadas en Polonia polos nazis, no 1944, aparecidas no comercio de arte en Madrid no 1973 e adquiridas polo coleccionista Fernández López, para acabar por fin no museo da cidade do Lérez. Decatáronse da súa presenza no museo os

servizos de busca polacos e, sen reparo ningún, con orgullo e desexando contribuír a restituír o que fora roubado con abuso e violencia, o Museo garantiu a súa inmediata devolución. Despois do Nadal estarán as obras expostas ao público un tempo, para despedilas e para poñer de relevo este feito histórico e a maneira dignísima de resolvelo.

Esta actitude de colaboración coa xustiza histórica é a que se leva botado en falta noutros lugares. Por exemplo a resistencia do museo diocesano e comarcal de Lleida para devolver á diocese de Barbastro-Monzón, en Huesca, 111 bens artísticos de parroquias aragonesas da Franxa, que antes pertencían ao bispado de Lleida, e que volveron formar parte ultimamente da diocese de Barbastro-Monzón. Eses bens foran parar ao museo diocesano de Lleida polo risco de seren roubados e polo deterioro que sufrían nas parroquias orixinais, máis ben do medio rural. Só a persistencia xudicial parece que vai ser quen de vencer a contumacia clerical ilderdense, aínda que aquí non haxa que falar de espolio armado ou bélico.

E tamén faltou tal colaboración –e de que maneira!– nos herdeiros do ditador Francisco Franco, que se resistiron ata o extremo a devolver o que fora adquirido desde a presión e o abuso, que era práctica universalmente coñecida e recoñecida, aínda que se cubrisen os feitos con aparencias de lexitimidade. Aquí, aínda que logo todo o mundo se afana por colocarse a medalla, o esforzo principal correu a cargo de militantes descoñecidos para moitos de nós, que durante anos e anos, con estudos históricos serios, con mobilizacións sociais oportunas, foron quen de crear conciencia social ao respecto e de ir forzando razoablemente resolucións xudiciais que xa eran clamor popular.

E de memoria histórica seguiremos falando, aínda que sexa baixo o titular de Memoria Democrática, que así se chama a Lei que o goberno está a piques de ofrecer para intentar poñer algo de concerto nun tema que entre nós segue vivo e non resolto. Que ben que puidésemos facelo con orgullo compartido e reparando todo o que haxa que reparar, sen excepcións!

7.- Que saiba a man dereita o que fai a esquerda

Ocorrúsenos este contrapunto evanxélico para comentar dúas xestións levadas a cabo polo Papa nestes últimos tempos. A primeira –dereita, esquerda?– o ordenamento económico levado na Curia dentro do plan xeral de renovación da mesma Curia que parece que verá a luz no primeiro semestre do presente ano. Ten que ver neste caso coas funcións da Secretaría de Estado, á fronte da cal está o cardeal Pietro Parolin. Esta Secretaría tiña un enorme poder e liberdade económica, moi opaca e controvertida ultimamente (p. ex. escándalos da inversión en inmobles en Londres); ademais desempeñaba o labor de supervisión e mesmo investigación nestes temas sobre outros departamentos.

Pois ben, o Papa tomou a decisión de que todos os fondos que xestionaba a Secretaria de Estados (fálase de centos de millóns, entre eles os correspondentes ao Óbolo de San Pedro) pasarán a depender da APSA (Administración do Patrimonio da Sede Apostólica), controlada

polo *dicasterio* (ministerio) de economía, á fronte do cal está o xesuíta español Juan Antonio Guerreo Alves (o que podendo selo, renunciou ao título de cardeal, ligado ao seu cargo), home de completa confianza do Papa. A medida tenta poñer un pouco de orde nas finanzas do Vaticano, que tanto teñen dado que falar negativamente, e de rebote adelgaza e reconduce a misión da Secretaría de Estado, que en cuestión económica deberá presentar os seus presupostos a aprobación como calquera outro organismo do Vaticano. A esta medida habería que engadir tamén a creación dunha nova Autoridade de Supervisión e Información Financeira (ASIF), destinada en definitiva a garantir unha xestión económica honesta e eficaz.

E o segundo feito é de características moi distintas. Trátase da publicación da carta apostólica *Patris corde* (con corazón de pai), do 8 de decembro, cando se cumprían 150 anos da declaración de San Xosé como patrón da Igrexa católica por parte do papa Pío IX; con esta carta o Papa Francisco quixo anunciar o comezo dun ano, o 2021, dedicado a San Xosé.

«O obxectivo desta Carta apostólica –di o mesmo Papa cara ao final da mesma– é que medre o amor a este gran santo, para ser impulsados a implorar a súa intercesión e imitar as súas virtudes, como tamén a súa resolución». A carta parécenos un pequena xoia humana e espiritual. Despois dunha introdución para xustificar o feito da misiva, distribúe o contido en sete apartados, destinados a explanar diferentes aspectos e matices da personalidade humana e relixiosa de san Xosé. Apartados que levan estes títulos: Pai amado, Pai na tenrura, Pai na obediencia, Pai na acollida, Pai na valentía creativa, Pai traballador, Pai na sombra. O escrito ten as formas de meditacións bíblicas de exercicios espirituais, con devoción extrema, axudándonos a entrar de maneira sinxela e firme nos mundos persoais e sociais para os que a memoria do santo nos motiva e reta. Un verdadeiro pracer poder aproveitarnos desta sabedoría espiritual. Sete temas para sete posibles días ou tempos de oración e maduración, e iso aínda que a máis dun non nos praza demasiado o feito de que o

Papa pareza dar por históricos todos os momentos e detalles das narracións da infancia en Mateo e Lucas, cando, ao que parece, foron outras as claves narrativas deses evanxelistas. Pero, con historia ou ficción, o importante é achegarse ás resonancias vitais que os personaxes nos poidan transmitir.

8.- Ano Santo, Ano Santo

Había, e hai, moitas expectativas cara á celebración do Ano Santo Compostelán 2021. Entre outras cousas, desde o 2010, levouse a cabo un inmenso traballo de restauración do exterior e interior da catedral de Santiago que a deixou admirable, resplandecente. Un orgullo para o cabido, para a cidade, para toda Galicia, para España, para o mundo enteiro. Algo que hai que agradecer a todas as persoas e institucións que tal cousa fixeron posible. E queremos recordar tamén e agradecer a todos os promotores e autores da obra orixinal nas súas diferentes etapas, con nomes e méritos recoñecidos; pero especialmente queremos subliñar o inmenso campesiñado galego, anónimo, que

nunha sociedade case absolutamente agraria, dentro dun sistema foral oprimente, en boa medida foron os que co pago dos seus foros posibilitaron que esta marabilla se levase a cabo. Así a arquitectura e imaxinería da catedral e as pinturas que as decoran, e que agora se viron rexuvenecidas, foron elaboradas coas suores, bágoas e sangue de milleiros e milleiros de labregos e labregas, que en épocas frecuentemente visitadas por pestes e pandemias semellantes á que hoxe estamos sufrindo, houberon de privarse do imprescindible para pagar os foros obrigados aos señores correspondentes, entre os que figuraban con renome o cabido e arcebispo compostelán.

Pero a COVID-19 frustrou moitas expectativas. O que estaba chamado a ser unha apertura espectacular da Porta Santa, quedou limitado a unha cerimonia reducida en público e expectante na esperanza de que a evolución da pandemia permita un desenvolvemento normal do ano. Foi durante esta apertura cando o Nuncio Apostólico en España, Bernardito Auza, anunciou a concesión por parte do Papa Francisco dun

alongamento do Ano Santo ata finais do ano 2022, segundo lle fora solicitado polo arcebispo de Santiago, que se contentaba con que a cousa chegase ata o 25 de xullo do 2022. A concesión foi tamén do máximo agrado das diferentes institucións civís que vían neste feito por unha banda a posibilidade de facilitar unha presenza de peregrinos/as menos masiva en máis tempo, e pola outra unha ocasión de aproveitar a afluencia de peregrinos/as que lle dese recoñecemento e emolumentos a Santiago, meta dos diferentes camiños, e a todas as poboacións polas que estes pasan.

Tal concesión non foi do agrado de todo o mundo. Houbo quen protestou publicamente tal decisión, facendo referencia a que a Igrexa non debería deixarse levar por unha visión do Ano Santo que o desvirtúa por buscar fundamentalmente unha efectividade económica en acordo coas autoridades civís. Ben, quen isto escribe, agradecendo esa alerta a toda a Igrexa, entende que na situación actual, cando todo apunta a que no ano 2021 aínda imos estar moi afectados polas restricións derivadas da COVID-19, alongamento

un ano máis pode facilitar que a xente que así o queira, sen tanta présa, poida camiñar a Santiago con menos risco de aglomeracións perigosas. O Papa, xa antes de conceder esta excepción a Santiago, tamén a concedera para a celebración do Ano Xubilar Guadalupano en México polos mesmos motivos.

Iso non quita que todos, especialmente as persoas que máis responsabilidade teñen no desenvolvemento do Ano Santo como feito relixioso cristián, traballemos por convertelo nunha experiencia relixiosa á altura da figura de Xesús e do seu Evanxeo, se é que a cousa xa for posible dado o punto ao que temos chegado. Nestes anos santos, xubilares, de fondo hai unha teoloxía das indulxencias, referida ás penas temporais polo pecado, que consideramos caduca na súa formulación e estratexia; grazas a Deus, pensamos que poucas persoas que peregrinan o fan movidas por esas motivacións. Todo o desenvolvemento relixioso dos nosos santuarios de peregrinación en xeral, está tan mesturado co económico, e adoito de maneira moi pouco transparente, que non podemos deixar de aplicarnos a dura

advertencia de Xesús: «A miña casa será casa de oración, pero vós convertédela en cova de bandidos» (Mt 21, 13). Non vemos que sexa nada doado que no medio de tanta grandeza, pulcritude e excelencia poida facerse ver unha Igrexa pobre ao servizo da xente empobrecida, ou poida resplandecer o Cristo pobre, servidor ata a morte en defensa de toda pobreza, na súa palabra viva, acesa, nos seus feitos solidarios, críticos, desconcertantes. Aínda que tamén imaxinamos e cremos que, no medio de tanto rebumbio e de moitas incoherencias duns e doutros, seguirán aparecendo, coma noutrora nos adros do templo de Xerusalén, persoas anónimas impulsadas polo Espírito que sopra onde quere e cando quere, que, peregrinas ou non, dentro ou fóra da catedral, rezando ou sen rezar, nos lembren a viúva pobre que «na súa pobreza, botou o que tiña para vivir» (Mc 12, 44b), ensinándonos a romper cunha relixiosidade de apropiación a todos os xeitos.

O arcebispo de Santiago, Xiao Barrio, escribiu unha carta pastoral por mor do Ano Santo 2021-2022, titulada *Sal de tu tierra*. Todo un tratado de

aposta pola fe no medio dunha sociedade que pasa, dirixido a quen peregrina e aberta a todo o mundo. Con moitas suxestións importantes, atinadas ao noso ver. Quizabes un pouco longa de máis: tres capítulos, 137 números, logo unhas 100 páxinas dun libriño normal. Dubidamos que moitos peregrinos/as lle boten unha ollada. Posiblemente fose máis útil e chegase máis a quen diso necesita unha cousa breve, sinxela, máis de primeiro anuncio. Nela botei en falta tres cousas: algunha referencia á COVID-19; incompreensiblemente non se menta para nada. Algunha referencia á reconciliación socio-política en España (e, polo que se ve, en todo o mundo), pois pensamos que a Igrexa pode e –non en exclusiva– debe exercer con teimosía ese labor de reconciliación. E, sen entrar en política partidaria loxicamente, algunha referencia a Galicia, como lugar concreto de acollida, como país e Terra aberta a todo o mundo desde a súa propia identidade, para aprender a manexarnos nesa ineludible unidade desde a agradecida diferenza, ambas a dúas, unidade e diferenza, igualmente presente no proxecto creador de

Deus; pensamos que no comezo do capítulo 3 había lugar para unha alusión sentida. Unha Galicia que axudou a construír Europa, e de que maneira!, e que se viu por Europa visitada e fortalecida.

En fin, nunca mellor dito, que Deus nos colla confesados/as, para este Ano Santo dobre, 2021-2022, cheo de retos tan particulares e de tan particulares oportunidades tamén.

9.- Un regalo para a xente da política (para todas e todos)

E quero rematar esta Crónica de comezo de ano pasándolles a quen isto lea, en especial á xente dedicada á política, o regalo que para eles e elas nos deixaron os Reis Magos no seu paso por Candia, en Abadín. Trátase dunha oración de San Tomé Moro, mártir, patrón precisamente da xente da política. Unha oración moi coñecida como oración polo humor. Boa falla nos fai.

Concédeme, Señor, unha boa dixestión,
e tamén algo para dixerir.
Concédeme a saúde do corpo,
co bo humor necesario para mantela.
Dáme, Señor, unha alma santa
que saiba aproveitar o que é bo e puro,
para que non se asuste ante o pecado,
senón que atope o xeito de poñer as cousas de novo en orde.
Concédeme unha alma que non coñeza o aburrimiento,
as murmuracións, os suspiros e os lamentos
e non permitas que sufra excesivamente
por ese ser tan dominante que se chama: EU.
Dáme, Señor, o sentido do humor.
Concédeme a graza de comprender as bromas,
para que coñeza na vida un pouco de alegría
e poida comunicarlle á demais xente.
Así sexa.

Manuel Regal Ledo